

“A nación galega nun Estado plurinacional”
Guillerme Vázquez, portavoz nacional

Galería Sargadelos – Barcelona
15 marzo 2010

Boas tardes a todos e a todas

Agradezo profundamente a vosa presenza neste acto. O meu agradecemento tamén á Fundación Irla que organiza este acto no marco desta visita que realizo a este país por invitación d´Esquerra Republicana de Catalunya. Agradezo, tamén, a amábel presentación que vén de realizar Joan Ridaó.

A inexistencia dun Estado que recoñeza na práctica a súa realidade plurilingüe lévanos a descoñecela e, polo tanto, a non poder utilizar cun mínimo de fluidez, coma neste caso, o idioma catalán. Non deixa de ser sorprendente que mentres se insiste de xeito continuo na necesidade de dominar varias linguas, nunca se fala así respecto do coñecemento das linguas que existen no marco do Estado español.

Falarei, pois, en castelán por pura necesidade. E pido a vosa comprensión.

[versión traducida catalán-galego]

Descoñecemento dos nosos idiomas que tamén se estende ao descoñecemento das nosas distintas realidades nacionais no político, no cultural e no social. Os estereotipos difundidos desde o poder central inflúen tamén na visión que das distintas realidades nacionais teñen os nosos propios pobos.

Escribía Castelao no *Sempre en Galiza* o seguinte: “Con ser grave que non queiran ver o que ocorre dentro da península, é aínda máis grave que non vexan o que ocorre dentro do que eles chaman a súa nación. Empéñanse en vivir de tópicos. A súa obsesión preferida consiste en chamarse progresistas e cualificar de retrógrados aos que non soportan a súa lei. Combatían os vascos por reaccionarios, os galegos por reaccionarios, os cataláns por reaccionarios... e as esquerdas seguían a hipócrita e obsesiva acusación dous centralistas.

A toda Hespaña fíxoselle crer que os galegos eramos xente inferior, os cataláns só atentos ao cálculo ruín, os vascos simples fanáticos relixiosos”.

Se fago referencia a esta cita de Castelao é porque creo que segue tendo absoluta actualidade. Segue sendo necesario mellorar os intercambios políticos ou culturais para contribuír ao coñecemento mutuo das nosas realidades nacionais. Segue sendo necesario establecer mecanismos de cooperación que desde o respecto das distintas posicións constitúan un mecanismo eficaz para facer fronte a unha política ferreamente centralista negadora da realidade plurinacional ou plurilingüística do Estado español. Unha miserábel política centralista capaz de ceder soberanía a institucións supraestatais mentres o tempo a nega (como en tempos de Castelao) ás nacións do Estado.

Galiza é unha nación e o Estado español é un Estado plurinacional. Esta frase, este enunciado, parecería unha obviedade para todos os que militamos no nacionalismo galego ou para as compañeiras e compañeiros que dan corpo ao nacionalismo catalán. Pero xa saben vostedes que hai períodos na historia da Humanidade en que defender o obvio é un acto autenticamente revolucionario e os nosos pobos, o galego e o catalán, teñen na súa historia pegadas e recordos moi dolorosos do que significou defender a súa dignidade nacional até as últimas consecuencias.

Lluís Companys en Catalunya ou Alexandre Bóveda en Galiza son símbolos da resistencia nacional nun momento en que o fascismo español -o imperialismo fracasado do que falaba Castelao- non dubidou en levantarse en armas para esmagar o tímido e lento proceso de restauración dos nosos dereitos nacionais. Felizmente, agora vivimos un período de liberdades democráticas e os disensos xestiónanse de maneira moito máis civilizada, pero non sería honesto non recoñecer aquí que o conflito entre o Estado e as nosas nacións continúa sendo a gran materia pendente da democracia española. Non hai maneira de resolver un problema se un non o formula con corrección e se un non toma conciencia da súa dimensión real. Falei de conflito e fíxeno creo que con toda propiedade. Aquí hai un Estado que nega a existencia no seu seo de distintas realidades nacionais e que o fai con independencia da coloración política dos gobernos de quenda. Isto debuxa

obxectivamente un conflito entre o Estado e as nacións, do cal non podemos fuxir e que debemos traballar por superar, polo ben dos nosos pobos e polo ben tamén da democracia no conxunto do que Castelao chamaba Hespaña con H, a H da Hispania non hexemonizada por ningún pobo contra outros.

En realidade, o conflito afecta á natureza mesma da democracia no Estado. A democracia é unha forma de organización da convivencia social que, para ser verdadeiramente efectiva, ten que descansar sobre un consenso básico: quen é o titular da soberanía, quen é o suxeito dos dereitos políticos. Sobre isto non pode haber dúbidas nin discrepancias. E a soberanía pode compartirse, pero para compartila primeiro hai que tela. É evidente que o Estado español non resolveu ben esta cuestión. O poder constituínte de 1978 estableceu ao pobo español como único titular da soberanía. Negábase pois a existencia de ningunha outra fonte de poder político. Abríase camiño a unha descentralización administrativa, pero no plano ideolóxico-político establecíase unha organización plenamente congruente coa idea de que nación aquí só hai unha, a española, e de que o demais son outra cousa, entidades inferiores ao concepto nación, entidades que en ningún caso poden asumir un poder político verdadeiramente autónomo.

A propia Constitución española de 1978 é, en realidade, un híbrido. No seu núcleo duro é inequivocamente españolista por negadora das nacións, pero á vez contén elementos potencialmente positivos (no seu texto menciónanse nacionalidades e fálase de distintos pobos) e é fácil percibir nela certa intención de tranquilizar as ansias de liberdade de Catalunya, Euskadi e Galiza. As elites que controlan os resortes do poder no Estado despregaron desde o momento constituínte unha estratexia que consistía en presentar o Estado español como o máis descentralizado do mundo -pero que queren estes nacionalistas que non teñan xa?- e, á vez, converteron a Constitución española nunha especie de tótem intocábel. Sacralizárona e a petrificaron ao mesmo tempo, até o punto de identificar defensa da democracia coa Constitución coma se non fose perfectamente democrático modificar esta ou reformala.

Por referirme a algunha cuestión de actualidade no debate político actual en Galiza, direi que 32 anos despois de que a Constitución española fose referendada, o Goberno español tomou a decisión de

presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a nova Lei de Caixas de Galiza. O que sen dúbida é unha decisión política do Goberno Zapatero -dirixida basicamente a impedir a fusión das nosas caixas de aforro- revístese con roupaxes xurídicas, técnicas e constitucionalistas. Até aí poderíamos chegar cos galegos! Teñen a ousadía de legislar sobre as caixas e tocar a Constitución española!, vénsenos a dicir desde Madrid.

En realidade, nada diso é certo. A Lei é perfectamente constitucional ou, polo menos, é tan constitucional como poidan selo as lexislacións vasca, andaluza, madrileña ou catalá. Aquí non está en xogo ningún asunto xurídico. Pero o Goberno español utiliza a Constitución como unha nova Inquisición, e o Tribunal Constitucional coma se fose o novo Santo Oficio. É unha evidente estratexa política que ten como obxectivo exclusivo permitir a expatriación do aforro galego e no plano da controversia política situar a quen defendemos a Lei de Caixas e a fusión galega no bando dos que *per se* atentamos contra a Constitución. Que Constitución é esta que nin sequera permite que unha comunidade autónoma teña capacidade de legislar co modesto obxectivo de contar cun mínimo de capacidade de decisión sobre a orientación dunha parte do propio aforro?

Que lles vou a contar a vostedes do Tribunal Constitucional? O seu Estatut de Autonomía está empantanado nos despachos do Alto Tribunal nos que sen dúbida se está librando unha durísima controversia política. É obvio que o que se dilucida no TC non é ningunha disquisición xurídica ou legal. O TC é simplemente outra fronte de batalla política. De novo a Constitución utilízase como arma arreboladiza, neste caso contra un texto que ademais foi xa referendado polo pobo catalán nun irreprochábel proceso democrático. Que Constitución, que democracia é esta, na que nin sequera cabe afirmar que unha nación o é no preámbulo dun texto estatutario?

Creo que está ben claro que a Constitución e o Tribunal Constitucional está a ser utilizado polo bipartidismo estatal -ora presenta recurso o PSOE, ora faio o PP- como dique de contención político fronte ás xustas e lexítimas demandas de maior autogoberno das nacións sen Estado.

A propia composición e a correlación de forzas interna a un Tribunal Constitucional hexemonizado polo bipartidismo converteuse nun serio problema para a calidade da democracia no Estado español.

Non é posíbel o xogo limpo se o árbitro pita sempre a favor do mesmo equipo.

Amigos e amigas,

O Estado español atravesará unha profundísima crise económica e unha non menos delicada conxuntura política.

A crise económica no Estado español é en parte produto do *crack* financeiro internacional, pero tamén presenta características propias. En puridade, podemos dicir que hai unha tripla crise. A crise mundial. A crise da zona euro. E a crise española. E o Estado sofre os efectos combinados dos tres. A crise mundial é consecuencia da bancarrota do paradigma neoliberal. A crise da zona euro ten que ver coas debilidades dunha Europa construída en función dos intereses do eixo francés-alemán. A crise española é o produto dun modelo de crecemento insustentábel baseado na produción de bens e servizos de baixo valor engadido e no monocultivo do ladrillo e o turismo.

Pois ben, entreverada neste contexto de crise aguda, o que se está vivindo no Estado español é unha ofensiva recentralizadora tamén moi profunda. Sen a agresividade formal dos gobernos Aznar, o certo é que o período Zapatero -con máis ou menos talante- tamén se está caracterizando pola continua invasión dos ámbitos competenciais propios das comunidades autónomas e por unha certa nostalgia do vello Estado centralista. Está a verse, por exemplo, clarísimamente co sistema aeroportuario. O que presume de ser o Estado máis descentralizado de Europa non solta baixo ningún concepto a xestión dos aeroportos, cando en moi boa parte do continente estes están xestionados por entes territoriais subestatais.

Esa ofensiva recentralizadora non é nin máis nin menos que o correlato no plano político dos procesos de concentración do capital e do poder económico que se están verificando no Estado español en sectores tan estratéxicos como o financeiro, o mediático ou o enerxético.

Concéntrase o poder económico, colócase permanentemente baixo sospeita á pequena e mediana empresa, á que se nega sen piedade o crédito, e quérese recentralizar no posíbel o poder político.

No debate sobre o financiamento autonómico habido en 2009, coa nova reforma da LOFCA, o Goberno Zapatero partiu do orzamento de que a Administración Xeral do Estado debía, en todo caso, reter o 50 por cento do gasto público.

Esa pretensión non se xustifica en absoluto en función da repartición competencial existente entre as distintas Administracións públicas, a estatal, a autonómica e a local. Se as competencias que detenta o Estado non consumen o 50 por cento dos recursos, por que se parte da idea de que 1 de cada 2 euros teñen que estar baixo o control do Goberno central? Non habendo ningunha razón económica ou orzamentaria que o explique, teremos, unha vez máis, que recorrer á política. Hai unha vontade política clara de recuperar poder para o Estado e, por tanto, de reducir a capacidade de autogoberno das nacións. Quen teñen esa vontade política propagan a ideoloxía de que Galiza é unha comunidade pobre, dependente da axuda do Estado, idea que contribúe a estender nosa propia quinta columna interior. Pois ben, os nacionalistas galegos negamos a maior. Os balances fiscais dinnos que achegamos máis ao Estado do que recibimos, que temos capacidade de recadación suficiente para cubrir os servizos que presta a comunidade autónoma. En calquera caso, asumimos o risco. Queremos axencia tributaria propia, queremos autorresponsabilizármolos. Pois non. O benefactor Estado centralista négase en redondo. Que gran oportunidade perde de facer un magnífico negocio. Deixariamos de ser un peso para as súas tan solidarias como mermadas arcas.

Alexandre Bóveda tíñao claro hai ben tempo: "Non existe autonomía política sen autonomía fiscal". Sabíao Bóveda, sabémolo nós, sábeo o poder central.

Neste contexto, hai que situar a aposta de Zapatero por obter a súa segunda investidura só cos votos do seu grupo parlamentario e sen o apoio de ningunha das forzas nacionalistas con presenza nas Cortes Xerais do Estado.

Desde ese momento, enviábase unha mensaxe moi clara á opinión pública: a aposta do Goberno por recentralizar políticas e por non contar cos nacionalistas para a conformación de maiorías parlamentarias. Neste sentido, o proxecto Zapatero, que na súa primeira lexislatura parecía máis disposto ao diálogo e ao recoñecemento da pluralidade, acusaba claramente a presión da dereita, non tanto da política como, e sobre todo, da mediática.

Volverei por un momento ao debate sobre as caixas para ilustrar cun exemplo concreto a profundidade da ofensiva recentralizadora.

O 26 de xuño de 2009, o Goberno do Estado aprobou o decreto polo que se instituía o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. O 13 de xullo o decreto se validaba nunha votación no Congreso dos Deputados. O FROB foi votado favorabelmente polo bipartidismo estatal, isto é, polo PSOE e polo PP. E non contou co apoio das forzas políticas nacionalistas.

O FROB invade clarisimamente o ámbito competencial das comunidades autónomas ao outorgar ao Banco de España plenas competencias sobre as caixas de aforros por el intervidas, o que conculca boa parte dos Estatutos de Autonomía vixentes, incluído, por suposto, o galego.

Aproveitando as maiores ou menores dificultades financeiras das caixas de aforro, o poder central (PP, PSOE, BANCA) planificou un golpe mestre. Usando o FROB e o BANCO DE ESPAÑA como armas trataba de conseguir dun só tiro dous obxectivos: un, crear as condicións para acabar privatizando as caixas e dúas, desposuír os gobernos autónomos de capacidade de decisión sobre as mesmas e por tanto de capacidade de orientar eses recursos financeiros cara ao desenvolvemento económico do seu propio territorio baleirando consecuentemente de contido a capacidade de autogoberno.

Un esquema do poder central que rompe pola vontade política e social de comunidades autónomas como Catalunya, frustrando de entrada os seus propósitos. Catalunya ou Andalucía contarán no inmediato futuro con caixas propias.

Pola súa banda, Galiza, froito da hexemonía política do españolismo, foi relegada na segunda división estatal. No noso caso, o goberno español decidiu impedir a fusión das caixas

galegas, decidiu impedir que sigan tendo o centro de decisión no noso País.

Foi o BNG, durante meses en solitario, quen deu a batalla política e social para tratar de evitar que se consuma esa decisión.

Promovemos múltiples iniciativas entre elas unha nova lei de caixas á que acabou sumándose o PP. Como dicía anteriormente, o goberno central puxo a proa a esta lei co entusiasta apoio do PSOE galego, recorrendo unha vez máis á súa presunta inconstitucionalidade.

Outra vez o choque entre intereses centralistas e nacións sen Estado. Volvemos ver como o autogoberno é un elemento que entra abertamente en contradición coa lóxica da hiperconcentración do capital financeiro que caracteriza ao neoliberalismo.

O Goberno español actuaba nese sentido despois de que desde a CECA, a Confederación de Caixas de Aforro, se lle marcasse o camiño. O presidente da CECA fixera declaracións públicas moi claras en relación ao freo que para o desenvolvemento do sector, na súa opinión, supuñan as competencias autonómicas na materia.

A crise tivo como orixe a perda de control público sobre o sector financeiro. O Goberno do Estado, en lugar de ir a un proceso de maior regularización, o que fai é en primeira instancia por cuantiosísimos recursos ao alcance da banca privada, sen esixir nada a cambio, e en segunda deseñar unha estratexia dirixida á bancarización e privatización das caixas de aforro, que son entidades semipúblicas.

En lugar de maior tutela pública, máis privatización. Máis do mesmo. Máis madeira neoliberal.

En cambio, e fronte á privatización, o que nós defendemos é o reforzo da tutela pública sobre as caixas. Fronte á falta de control das actividades especulativas, a aposta pola economía produtiva. Fronte á opacidade da banca privada, a democratización das caixas. Fronte a unha banca que en lugar de dar crédito prefire especular coa compra de bonos do tesouro e débeda pública, unhas caixas de aforro comprometidas coas necesidades das persoas e das pequenas e medianas empresas.

Amigos e amigas,

O Estado español ten, por tanto, dous problemas non resoltos ante si. O primeiro é a grave crise económica. O segundo, a tensión entre un Estado en plena ofensiva recentralizadora e unhas nacións que necesitan o autogoberno non só para defender a súa identidade, a súa cultura e a súa lingua, senón tamén para garantir o benestar dos seus cidadáns.

Ante eses dous problemas, as forzas políticas estatais expoñen -con matices, pero con moita máis unidade do que un podería pensar se só se fixase no ruído mediático- solucións moi parecidas.

Ante o problema da crise económica, PP e PSOE comparten a estratexia de Bruxelas contra a crise e, moi significativamente, priorizan o combate contra o déficit sobre o combate contra o desemprego.

O pensionazo, o abaratamento do despedimento, a privatización de empresas públicas, o recorte do gasto público en 50.000 millóns de euros, a reposición de só un posto de traballo de cada dez que se amorticen no sector público, a política fiscal regresiva que grava o consumo e non o patrimonio son políticas todas elas de carácter social-liberal que agora practica o Goberno Zapatero, pero que moi ben podería asumir un eventual Goberno Rajoy.

É curioso comprobar como, ante a crise do modelo neoliberal, un goberno que se reclama da socialdemocracia esquécese tan rapidamente do libreto de John Maynard Keynes. A resposta socialdemócrata clásica a unha crise sería moi distinta á que está a formular a señora Elena Salgado. Pasaría por baixar os impostos ás clases populares (e non subírllos como agora co IVE) para que se incentivase o consumo, pasaría por incrementar o gasto público sobre todo en infraestruturas e nos servizos do Estado do Benestar (e non en reduci-lo en 50.000 millóns de euros) e pasaría por non obsesionarse co déficit e a débeda pública, senón ter como norte principal a creación de postos de traballo, a mellor garantía para que a economía se reactive é a mellor garantía tamén para asegurar as pensións do mañá.

En definitiva, os partidos do bipartidismo español resístense a romper amarras coa paradigma neoliberal. Mantense a atadura co que se denominou o Consenso de Bruxelas, remedo do nefasto Consenso de Washington.

Hai alternativa?

Pois nós pensamos que si. A alternativa que debuxa o nacionalismo declinado en coordenadas de esquerda. É posíbel e necesaria unha saída popular favorábel por tanto aos intereses da maioría social fronte a unha saída da crise impopular como nos propoñen. Por certo, aqueles que nunca quererán aplicarse a si mesmos ou ás súas familias esas receitas.

Si, hai alternativa. Economía produtiva fronte á especulativa. Reforma fiscal progresiva fronte a vacacións fiscais para as rendas máis altas e as grandes fortunas. Tutela pública sobre sectores estratéxicos da economía. Reforma do sistema financeiro metendo en cintura os chamados mercados financeiros internacionais. Banca pública para facer chegar o crédito ás pequenas e medianas empresas e autónomos fronte á incapacidade do sistema bancario privado. Potenciación dos servizos públicos como xacemento de novos postos de traballo e protección fundamental para os sectores sociais máis castigados pola crise. Diminución do gasto improdutivo empezando polo gasto militar ou suprimindo ministerios hoxe sen función ningunha.

A alternativa que debuxa o nacionalismo é o apoio á pequena e mediana empresa, aos autónomos, fronte aos oligopolios e ao dominio das grandes corporacións en todos os sectores da economía.

A alternativa que debuxa o nacionalismo pasa por garantir o dereito de todos os territorios a desenvolver a súa economía libre de restricións de carácter político.

Non é posíbel que a economía galega estea hoxe brutalmente interferida por decisións políticas que non se adoptan en Galiza, senón en Bruxelas para logo ser aplicadas sen discusión por Madrid.

Decisións políticas que colocaron o noso sector primario ao bordo da inanición, que fixeron retroceder á pesca galega (a nosa frota xa

non é a primeira de Europa e segue sen poder faenar libremente nos caladoiros comunitarios), que manteñan ao antigo puxante estaleiro de Astano en Fene ocioso e sen poder construír barcos, que reduciron e seguen reducindo o noso sector lácteo á mínima expresión desde o punto de vista da produción e da transformación.

Pasemos agora ao outro gran problema pendente de resolución no Estado. O problema da súa articulación política, o problema de como adecuar a súa estrutura institucional á diversidade nacional que existe na base.

Aquí o bipartidismo tamén ten, con matices tácticos que non afectan ao fondo, unha estratexia única.

Exemplificareino co caso galego.

Na pasada lexislatura, cun goberno PSOE-BNG, o PP vetou o Novo Estatuto de Nación que o BNG defendía e que aparentemente o PSOE apoiaba aínda que hoxe non sexa verificábel esa hipótese.

Cambiou o escenario coa chegada do PP ao poder e o novo Goberno galego retomou as negociacións con Madrid das competencias pendentes de transferir a Galiza. E mira aquí que agora é o PSOE, a través do Goberno español, quen pon obstáculos.

Négase o Goberno do Estado a transferir competencias que lle corresponden a Galiza por aplicación do Estatuto actualmente vixente.

Cando se van cumprir 30 anos do noso Estatuto, aínda están pendentes de transferencia competencias como a inspección de traballo, a xestión de bolsas e axudas ao estudo ou a titularidade de determinados arquivos ou museos.

A repartición de papeis entre PSOE PP é evidente, fan quendas no seu papel de cancerbeiros do ferrollo centralista.

Hai alternativa?

Si, e volve ser a alternativa nacionalista. As forzas estatais, pola súa propia natureza, están incapacitadas para resolver esta cuestión porque a súa propia estrutura -forzas de obediencia estatal

co centro de decisión en Madrid- inhabilitanas para darlle canle satisfactoria á diversidade.

A alternativa nacionalista para o Estado español pasa polo avance desacomplexado cara ao Estado plurinacional.

A plurinacionalidade é a revolución pendente no Estado español. A identificación de Estado con Nación -un Estado, unha nación- en Estados compostos como o español é un mito decimonónico que ten a súa orixe no primeiro proceso de globalización capitalista, o do século XIX, cando se unificou o mercado interior español, abolíronse as fronteiras ao comercio internas e adoptouse como única moeda a peseta. No Antigo Réxime, aí está o Quixote de Cervantes, admitíase sen maior problema a existencia de distintos pobos e distintas nacións baixo un mesmo monarca. Todo cambiou pola necesidade de constituír un mercado único español. Aí xurdiu o mito da Estado-Nación español. Pero aí tamén xurdiron, como un fenómeno da modernidade, os nacionalismos catalán, vasco e galego, expresión de que por moito que se empeñase o capital coa súa expansión a base do Estado era irreversibelmente plurinacional.

Nun Estado nacionalmente diverso como o español non é posíbel unha democracia plena se non se parte de que existen distintos titulares da soberanía e de que esta, en último termo, pódese chegar a compartir.

Cal é o problema para que o Senado sexa unha Cámara de representación territorial na que os representantes das nacións -Catalunya, Euskadi, Galiza- teñan dereito de veto sobre aquelas leis que puidesen afectar as súas competencias exclusivas?

Por que o catalán, o vasco e o galego non son linguas oficiais en todo o Estado?

Por que non se pode establecer o deber de coñecer estas linguas, equiparándoas en dereitos ao castelán? Ah, o idioma! Que saña, que persistencia en combater os nosos idiomas nacionais, os nosos acenos de identidade. Seguidores de Nebrija, caverna de intolerantes. Atacan o noso idioma non porque lles moleste que sexamos plurilingües, atácano porque saben que o idioma é un elemento básico da nosa identidade nacional. Como dicía Castelao: "se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma".

Canta teoría da imposición, canta mentira, canta intolerancia para ocultar o seu mesquiño desexo de concluír a sempre inacabada obra dos reis católicos: a doma e castración dos reinos de España.

Tamén en Galiza estamos en pleno combate en defensa do idioma nacional. Fronte ás agresivas políticas do goberno do PP nunca antes explicitadas con tanta nitidez, miles e miles de persoas expresan publicamente a vontade de defender o idioma propio nun movemento popular sen precedentes na nosa historia recente, un movemento que se aglutina ao redor da plataforma Queremos Galego da que o BNG forma parte. Un movemento que fará fracasar, unha vez máis, os nosos imperialistas.

Por que as institucións de autogoberno das nacións non poden asumir a representación do Estado ante a UE cando se discuten asuntos propios das súas competencias exclusivas?

Por que o Estado insiste en manter Ministerios baleiros de competencias como os de Sanidade, Educación ou Vivenda que, ademais de invadir os espazos competenciais autonómicos, incrementan o gasto público improdutivo?

Por que o Estado insiste en manter inalterada a división provincial implantada en 1833? Que sentido ten manter as deputacións provinciais, á marxe de ser administracións parasitarias que só serven para o clientelismo político?

Por que os tribunais superiores de xustiza das nacións non son a última instancia xudicial?

Por que se nega a transferencia dos aeroportos?

Por que se insiste no carácter estatal do corpo de xuíces e exímese a estes do requisito do coñecemento das linguas propias das nosas nacións?

A resposta a estas preguntas é que o Estado español continúa sendo en esencia un Estado centralista que concibe o autogoberno como unha descentralización administrativa na que a última palabra a ten sempre o poder estatal.

Así, é indiferente que un Estatut o aprobe por maioría cualificada o Parlament, porque logo se terá que negociar en Madrid e, mesmo despois, se terá que pasar polo filtro do Tribunal Constitucional. É indiferente que 50 de 75 deputados galegos voten a Lei de Caixas porque logo virá o Primo de Zamosol madrileño a dicir que diso, nada.

A plurinacionalidade é, polo tanto, unha condición necesaria para conquistar a democratización completa do Estado.

Avanzar cara á plurinacionalidade pasa, baixo o punto de vista do BNG, por tres vías fundamentais:

1.- Concibir o nacionalismo sobre todo como un movemento socio-político que mobilice todas as enerxías sociais. O nacionalismo non pode ser unha forza política convencional, non pode limitarse a ser unha maquinaria electoral. Ou é un movemento verdadeiramente popular -e ten presenza en todas as esferas da vida social- ou non será.

2.-Estabelecer alianzas amplas entre os distintos nacionalismos peninsulares, desde o pleno respecto da autonomía de cada cal e ás especificidades das distintas nacións que compoñen o Estado, pero tamén desde a consideración de que nacionalistas galegos, vascos e cataláns debemos traballar xuntos por ser o único factor que pode producir a verdadeira democratización do Estado, aquela que non só descansa no recoñecemento dos dereitos individuais, senón tamén no recoñecemento dos dereitos colectivos.

3.-Manter o diálogo aberto cos sectores verdadeiramente democráticos e progresistas do Estado, infelizmente minoritarios no bipartidismo actual, con vistas a ir tecendo complicidades que permitan ir á superación da Constitución de 1978.

Falaba antes da primeira vaga globalizadora que se viviu no Estado español, coa formación do mercado único español no século XIX. Agora vivimos unha segunda vaga globalizadora, no espazo da Unión Europea, coa configuración dun novo mercado único e cunha moeda tamén única, o euro.

Nas actuais condicións da Unión Europea, claramente hexemonizada polo eixo franco-alemán e cun Banco Central

Europeo basicamente ás ordes de Berlín, xorden novas ameazas.

A política cada vez ten menos espazo. Xa non decide sobre a moeda, entregada a un Banco Central dominado por unha tecnocracia supostamente independente. E é evidente que o proxecto de Bruxelas pasa tamén por desnacionalizar e desestatalizar as políticas fiscais, para axustalas, nin máis nin menos, que ás necesidades de quen fixeron do euro simplemente a continuidade do marco alemán. Estamos a ver como a perda de soberanía dos Estados é un proceso case imparábel, con Grecia abocada a ser na práctica unha colonia de Alemaña e co Estado español obrigado a reducir o seu déficit público en 8 puntos do PIB en apenas 3 anos, o que evidentemente lles producirá enormes sacrificios ás clases traballadoras.

Estas son as condicións nas que traballa o nacionalismo en Europa nestes principios de século. O centro de decisión cada día está máis lonxe dos nosos países, é cada día máis opaco e cada día máis invasivo dos nosos poderes lexislativos.

É, polo tanto, imperativo recuperar o espazo nacional para a política, oporse ao proxecto elitista e antipopular desta Unión Europea, enfrontarse ao deseño neoliberal de Bruxelas (que no plano militar se complementa coa submisión á potencia imperial que hexemoniza a OTAN) e ligar a causa democrática -temos dereito a decidir sobre a economía, sobre a moeda, sobre os impostos- á conquista dos nosos dereitos como nacións sen Estado.

As tarefas que temos por diante son realmente enormes, pero non quero concluír sen facer unha reflexión esperanzada.

É certo que se cernen sobre nós, sobre as forzas nacionalistas e os sectores verdadeiramente progresistas, negros nuboeiros. O ascenso de forzas abertamente reaccionarias en Europa -no Estado tamén temos o fenómeno chovinista-, a ofensiva neoliberal de Bruxelas e os pactos recentralizadores do bipartidismo PP-PSOE están aí. Pero tamén está aí cada vez o maior desafecto de miles de cidadáns e cidadás coas forzas políticas sistémicas e o feito de que a historia demostra que, sempre que son agredidas por vagas uniformizadoras, as nacións acaban reaccionando e tomando conciencia de que os seus problemas só se poderán resolver se son libres para decidir o seu futuro.

Galiza é unha nación e asegúrolles que, contra vento e marea, centos de miles de compatriotas meus teñen claro que o noso País merece outro lugar no Estado e no mundo. Teñen tamén claro que a emancipación nacional e a emancipación social son as dúas caras da mesma moeda. Que non se pode ser progresista en Galiza defendendo o dereito de autodeterminación de saharauís e palestinos e a continuación negando ese mesmo dereito ao teu propio pobo.

Sempre tivo o nacionalismo galego, como todo nacionalismo popular, unha clara vocación internacionalista. Por iso desde Castelao traballamos coa perspectiva de colaborar con vascos e cataláns para avanzar cara ao recoñecemento dos nosos dereitos. Estou convencido de que o mellor está aínda por chegar e de que se reforzamos aínda máis os vínculos renderémoslle un gran servizo non só á causa dos nosos países, senón tamén á causa da democratización deste Estado.

Moitas grazas.

[versión traducida español-galego]